



## PREGUNTA ORAL SOBRE O EMPREGO DA PONTE DO AVE EN PONTEPEDRIÑA COMO REFUXIO DE PERSOAS SEN TEITO

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, a concelleira que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

Baixo o viaduto do AVE onde se atopa o aparcamento disuasorio de Pontepedriña temos constatado a existencia de somieres e colchóns, así como outros obxectos, que indican que o lugar vén sendo empregado habitualmente por distintas persoas para pasar alí a noite.

Trátase dun lugar de difícil acceso, situado a unha importante altura, no que se aproveitan as vigas da infraestrutura como soporte para asentar sobre elas os leitos e outros obxectos de variada natureza. A situación, con independencia, das circunstancias persoais das persoas usuarias, que descoñecemos, comporta un evidente risco para a integridade física e a saúde de quen accede a este lugar.

Sen dúbida, a dificultade do acceso e a situación elevada veñan a xustificar que, desde a posta en servizo do aparcadoiro -hai algo máis de un ano- e desde a posterior instalación de puntos luminosos baixo o viaduto, non se teña constancia de que ninguén advertira que baixo o viaduto do AVE non só pernoitaban vehículos, nin tampouco hai constancia de ningunha acción por parte de entidades públicas ou privadas en relación con este cuestión.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

***Desde cando ten coñecemento o Goberno local da presenza de persoas que aproveitan as vigas do viaduto do AVE no aparcamento de Pontepedriña para pasar a noite e que medidas ten desenvolvido para atender esta situación tan indigna como perigosa?.***

Santiago de Compostela, a 8 de maio de 2017.

María Corral López  
Concelleira do Grupo Municipal Popular